

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2006**

**CONCORRENTES**

Presidente  
Don Juan Antonio Maceiras Barros  
Concelleiros  
Don Jesús Veiga Sabín  
Dona Eva María Vilariño González  
Don José Manuel Rodríguez Vidal  
Don Juan José Herva Mallo  
Dona María Rosario Manso López  
Don Luis Purriños Pena  
Don José Paz Tenreiro  
Don Manuel José Pérez Martínez  
Don José María Laya Carril  
Don Miguel Anxo Abreira Sobrado  
Don Antonio Cortizas Rodríguez  
Interventora municipal  
Dona Marta Roca Naveira  
Secretario  
Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día vinte e catro de xaneiro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín, dona Eva M<sup>a</sup> Vilariño González, dona María Rosario Manso López, don Juan José Herva Mallo, don José Manuel Rodríguez Vida, don Luis Purriños Pena, don José Paz Tenreiro, don Manuel José Pérez Martínez, don José María Laya Carril, don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión o concelleiro don Antonio Medín Pena.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia, e non habendo ningunha observación á acta da sesión anterior, correspondente ao día 15 de decembro de 2005, queda aprobada por unanimidade.

**2.- ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2006.-** Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, se é o caso, do Orzamento desta entidade, formado para o exercicio 2006.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 146, 147, 149 e concordantes da Lei 39/88, do 28 de decembro, e Real decreto 500/1990, do 20 de abril. Vistos o informe emitido pola Intervención e o dictame favorable da Comisión de Facenda, a interventora dá lectura ao resumo por capítulos do Orzamento municipal para o exercicio 2006; así como os documentos que o integran e que foron entregados aos grupos municipais.

Despois do debate correspondente, sométese a votación este asunto co seguinte resultado: votan a favor os nove membros presentes dos grupos CIM e PP, en contra os concelleiros do BNG Sr. Abreira Sobrado e Sr. Laya Carril, que suman dous votos e abstense o concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez, polo que por maioría absoluta se acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta entidade para o exercicio 2006, cuxa contía queda fixada tanto en gastos como en ingresos nun total de seis millóns douscentos trinta e oito euros e sete céntimos (6.235.768,07), asignándolle a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

**ESTADO DE GASTOS**

<b>CAP</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>CONSIGNACIÓN</b>
	A.- OPERACIÓNS CORRENTES	

1	Gastos de persoal	1.508.288,16
2	G. bens ctes.e servizos	1.721.140,00
3	Gastos financeiros	21.000,00
4	Transferencias correntes	233.900,00
5		0,00
	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>3.484.328,16</b>
	<b>B. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Investimentos reais	2.618.419,91
7	Transferencias de capital	78.020,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	55.000,00
	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.751.439,91</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>6.235.768,07</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
	<b>A.- OPERACIÓN CORRENTES</b>	
1	Impostos directos	995.500,00
2	Impostos indirectos	1.000.200,00
3	Taxas e outros ingresos	2.642.050,00
4	Transferencias correntes	1.044.400,00
5	Ingresos patrimoniais	29.960,00
	<b>TOTAL OPERACIÓN CORRENTES</b>	<b>5.712.110,00</b>
	<b>B. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	217.257,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	306.401,07
	<b>TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>523.658,07</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>6.235.768,07</b>

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do dito orzamento.

3º.- Aprobar os cadros de todos os postos de traballo debidamente clasificados, reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, creando unha praza do grupo D, garda da Policía local, como funcionario e unha praza de arquitecto técnico como persoal laboral fixo.

4º.- Que se expoña ao público polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 150.1 da Lei 39/88.

5º.- No suposto de que non se presentaran reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, xunto co cadro de persoal e relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 150.3 da Lei 39/88, e noutro caso procederase de acordo co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 deste mesmo artigo, remítase copia do referido orzamento á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado pediu a palabra e pide que quede sobre a mesa este asunto, xa que ao seu xuízo non cumpre os requisitos legais, pois

non houbo negociación cos representantes dos sindicatos e foille entregado a documentación sen tempo para poder estudala detidamente. En cumprimento do que establecen o art. 92.1 do ROF, a Presidencia somete a votación esta petición co seguinte resultado: votan a favor os concelleiros Sres. Abraira Sobrado, Cortizas Rodríguez e Laya Carril, que suman tres votos, e en contra os nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda desestimada a petición por maioría, continuando o debate.

O Sr. Abraira, representante do BNG, dá lectura ao seguinte: "Orzamentos 2006. Antes de empezar coa miña intervención quero recoñecer o traballo sisudo e rigoroso feito pola interventora municipal. Decía no debate dos orzamentos do 2005 que esta traballadora fixera un bo traballo técnico, ratifico-o a día de hoxe con respecto aos orzamentos do 2006.

Coa miña intervención do día de hoxe vou demostrar que o Sr. Alcalde se está a burlar dos veciños e veciñas de Miño, dos grupos da oposición e mesmo dos seus compañeiros de partido. E esta aseveración que pode parecer un exabrupto ten demostración cuantitativa e máis probas traería a este pleno se os máis de 500 folios que compoñen o Orzamento municipal do 2006 me fosen entregados cun prazo que me permitise o estudo e análise e se nese prazo puidese ter pedido informes a intervención.

Vou empezar por demostrar o antes dito sobre a burla aos grupos da oposición:

É unha burla que vostede non nos dea prazo para estudar os orzamentos sobre todo cando eleva a este pleno superado xa o ano 2005. É unha burla que vostede nos intente facer crer que os Orzamentos do 2006 van contar cun montante total de 6.235.768,07 euros como o foi dicernos que o Orzamento do 2005 ían contar con 4.961.900 euros. Porque de ser así os ingresos do 2005 e tendo en conta o incumprimento case total do anexo de investimentos do 2005 teríamos que preguntarlle a onde foron parar os cartos.

Tamén se burla vostede dos seus compañeiros de grupo:

No 2005 vostede entre o seu salario de médico de cabeceira que mantén íntegro aínda que non acuda traballar e os cobros ao concello de Miño por asistencia a plenos e comisións e as dietas por manutención e desprazamento moveu un salario superior ao presidente da Xunta de Galicia e acercouse ao salario do presidente do Goberno do Estado Español. Só de asistencia cobrou vostede do concello de Miño a cantidade de 41.469 euros. Pero vostede non só engorda aos seus amigos contratados e mingunea a persoas elixidas polos veciños para gobernar este concello. Engorda ao amigo que meteu como coordinador do Grumir e da Policía local incrementando o seu salario até 36.000 euros pese a que o seu posto de traballo para nada está xustificado. A Policía local, Sr. Maceiras, funciona igual ou incluso peor co seu super-coordinador que sen el. Por certo Sr. Maceiras diga-lle ao seu amigo que é delito empregar os bens do concello de Miño para uso particular.

Diga-lle que non volva aparcar o seu coche particular nas dependencias municipais, que alugue unha praza de aparcamento que o seu salario ben lle debe chegar para facelo.

Fronte a este despropósito temos o salario dos dous concelleiros que teñen adicación exclusiva en salario aínda que o seu horario sexa de media xornada. Este non se incrementa como se incrementou o seu nen como se incrementa o do seu amigo. Por que Sr. Maceiras? Por que o concello de Miño é o único concello de toda a bisbarra que conta con máis asesores externos contratados que concelleiros con adicación exclusiva?

E que os seus compañeiros de partido son uns inútiles? Que o meu pensamento e o de moitos veciños sexa que son, ao igual que vostede, uns inútiles ten un pase; non o ten que vostede así o pense a respecto dos seus compañeiros?

Sr. Maceiras este concelleiro non pode acreditar nos orzamentos que vostede apresenta a esta corporación pois non cumpriu para nada os orzamentos do 2004, os

que contaron co voto favorábel do BNG cando aínda vostede non era do PP, por estratexia política. Pero vendo no día de hoxe que tampouco cumpriu cos orzamentos do 2005 teño que concluír que vostede non tivo unha estratexia política de non executar os acordos que asinou co BNG no 2003 senón que ao igual que sucedeu cos orzamentos do 2005, estes non se executaron porque é vostede un PENOSO ALCALDE PARA MIÑO. Quedan estas duras palabras demostradas na práctica inexecución na súa totalidade do anexo de investimentos para 2005. Senón é así, Sr. alcalde, prégoille que na súa réplica diga neste pleno cales son os investimentos presupostados e feitos no 2005.

Voulle votar en contra dos orzamentos do 2006 por unha razón fundamental porque non son bons para Miño, igual que non é que un PERDEDOR estexa como alcalde. Non se enfade Sr. Maceiras porque lle chame perdedor porque é certo, pois cando vostede se apresentou as eleccións ía botar a Romeu e aos seus compinches, ía facer unha xestión máis transparente (por iso quitou as portas do concello), nunca se ía aliar cos que tanto dano lle fixeran a Miño, nunca sería un alcalde do PP, ía contar con poderosos apoios no goberno amigo do Sr. Raxoi, ía despois contar cun montón de obras que lle mandaría o seu amigo Fraga, mesmo ía para conselleiro ou algo máis; pero ao final vostede só ía e sucedeu que non chegou a ningures porque vostede FRACASOU, aínda que teña unhas das remuneracións de carácter político máis altas do Estado Español."

Contesta o concelleiro Sr. Herva Mallo dicindo que non vou comentar as palabras despectivas que pronunciou, xa que é a mesma canción de sempre. A sesión íase celebrar o luns e pasouse para o martes para que tiveran máis tempo para examinar o orzamento. En canto ás dedicacións exclusivas, en municipios próximos gobernados por Vdes. hai máis concelleiros con dedicacións exclusivas; no debate dos orzamentos do ano pasado, vostede comentaba a anécdota de un tal Legazpi, ao que lle tocou a quiniela e despois de dispoñer de bastante diñeiro, en pouco tempo arruinou e isto non vai ocorrer aquí, non debemos esquecer o incremento nos orzamentos, co que cada vez estamos a depender menos das axudas ou subvencións doutras administracións. Consignamos unha contía importante en investimentos que a maior parte financiamos cos nosos propios ingresos e non incluímos cantidades pola reversión solicitada da estrada, o endebedamento está moi por debaixo do permitido pola lei. En canto ao coordinador da Policía, somos nós os que gobernamos, cando Vde. governe rodearase dos asesores que crea necesarios, ata agora foinos ben e pensamos que seguirá igual, Miño está de moda porque hai unha boa política municipal coa colaboración da oposición que procura axudarnos.

Replica o Sr. Abreira manifestando que solicitou que se celebrase este Pleno ao final da semana e o Sr. alcalde ao parecer non podía. Elaboraron un orzamento ficticio e pregunta ¿cal foi o orzamento que se gastou en 2005? Más do 50% non está executado, das obras a realizar na miña parroquia que é a que máis coñezo, as únicas iniciadas son as das beirarrúas de Calobre. Non dea por feitos os ingresos da urbanización de Piñeiro, pois o mesmo este plan nin se aproba e ten que ter presente que actualmente hai distinta cor nas administracións.

Continúa, os orzamentos non cumpriron os requisitos legais e habería moitas cousas que comentar, debe haber uns obxectivos que no orzamento non aparecen para nada, temos un técnico para buscar emprego e non se consigna cantidade ningunha por este concepto, soamente o soldo da funcionaria. Non coincidimos no modelo de municipio que se nos presenta, se queremos un municipio turístico, debemos potenciar este sector, esperemos que os veciños sexan intelixentes para poñer ao fronte das administracións a bos políticos que se preocupen do benestar social, cultural, etc.

Contesta o Sr. Herva Mallo dicindo que os ingresos consignados son reais e non se inflou ningún globo. En canto ás obras, se non se executaron en 2005,

executaranse en 2006, pois Vde. debe coñecer os trámites administrativos que hai que seguir e nalgúns casos a burocracia administrativa é demasiado lenta. Continúa, das súas palabras dedúcese que o mesmo non nos aproban o plan de Piñeiro, de ser así, terán que xustificalo e ademais isto non afectaría ao orzamento municipal que hoxe presentamos.

-O concelleiro representante do PSG-PSOE Sr. Cortizas dá lectura ao seguinte escrito:

“Sr. Presidente, o Grupo Municipal Socialista comeza a súa intervención sobre o debate dos Orzamentos para o exercicio 2006, do cal temos que recoñecer que é un bo orzamento para Miño no que se refire á cantidade dineraria da que vai dispoñer o Concello para este exercicio 2006, estamos a falar de 6.235.768,07 euros, o que nas antigas pesetas sería nada máis nin nada menos que unhas 1037.54 pta aproximadamente, que representa un incremento dun 25% con respecto ao anterior Orzamento 2005.

Aínda así, este documento orzamentario preséntase como unha liña continuista do Orzamento 2005, un documento pouco construtivo e pouco innovador como o anterior polo escaso contido de novidades que presenta a súa memoria, sinalar tamén nesas novidades a inexistencia no documento de iniciativas en Política Social e tamén en Política Sanitaria melloras que se podían asumir perfectamente dende o Concello grazas á boa recadación que están a xerar as plusvalías urbanísticas e que polas previsións que temos, estímase que vaian para longo prazo. Polo cal permítame poñerlle algún exemplo do cal carecemos no noso Concello, como pode ser un servizo de ambulancia municipal que sería perfectamente asumible polo concello. Tamén sería asumible máis dotación económica para aumentar o cadro de persoal para asistencia a domicilio a persoas necesitadas ou discapacitadas, o cal lles melloraría sen dúbida a calidade de vida.

Pero como dixen nun principio, Sr. presidente, este documento que se presenta é continuísta e pouco solidario; tamén para algúns servizos municipais, como é o persoal de oficios que consta de cinco membros os cales se ven desbordados debido á cantidade de solicitudes que se lles presentan para a limpeza e mantemento do Concello, por ser un número reducido de persoal e que este documento segundo se presenta non ten intención de aumentar. Polo contrario, é extremadamente xeneroso para outros órganos municipais e poño varios exemplos, como son a nova praza de arquitecto técnico cunha dotación económica para este exercicio de 50.000 euros, xustificada segundo din vostedes, polas funcións de redacción de proxectos municipais asumidas por este. Outro exemplo claro é a adquisición de dous vehículos, un para a Policía local e outro para o servizo do Grumir, que neste caso pode ser xustificable a nova praza de Policía local debido ao servizo que prestan.

Pero ao que non lle vexo xustificación ningunha, Sr. alcalde, é á dotación económica que lle asignan para este exercicio 2006, de 36.000 euros, ao coordinador de Policía local e Grumir.

De verdade, Sr. alcalde, non lle atopo ningún sentido porque é un servizo que podía ser xestionado perfectamente por calquera Policía local ou concelleiro responsable.

E para rematar a miña intervención fago referencia ao anexo de investimentos por parte do Concello para o exercicio 2006, no cal se aprecia un esforzo de investimento con relación ao exercicio pasado de 1.302069,91 euros, recoñecemos sobre todo como prioritaria a necesidade das obras de saneamento nas distintas parroquias e tamén a reforma da rúa principal.”

Replica o concelleiro Sr. Herva Mallo sinalando que a continuidade non é mala se esta vai ben, en canto ao arquitecto, debido ás urbanización e proxectos que presentan os particulares, está practicamente ocupado e tivemos que contratar arquitectos de fóra para que redacten proxectos de obras municipais e consideramos

que estes proxectos estarían mellor estudados e poderíamos seguilos desde aquí se os redacta o arquitecto municipal. En canto ao coordinador da Policía, temos pensado poñer gardas para a vixilancia de noite e debe ter unha dispoñibilidade plena e polo que se refire aos traballadores, hai uns meses que igual temos que traballar de limpeza e aínda non nos subvencionaron outras administracións, polo que consignamos cantidades para realizar estes traballos.

O Sr. Cortizas volve replicar que o tema do coordinador non lle parece xustificable e o seu grupo mantense en contra deste gasto.

Sometido a votación o asunto, deu o resultando que xa quedou reflectido.

**3.- INCREMENTO DAS RETRIBUCIÓNS DO COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL, GRUMIR E POLICÍA LOCAL.-** Dáse lectura ao seguinte dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais “Dáse conta da proposta da Alcaldía: “A Alcaldía-Presidencia presenta ante o Pleno da Corporación a seguinte proposta de resolución co fin de que polo mesmo se adopte o acordo de modificación das retribucións da de persoal eventual denominada “Coordinador de Protección Civil, Grumir e Policía Local “. As novas retribucións ascenderían a 36.000,00 euros/ano.

A xustificación da modificación das retribucións por enriba do incremento da LPE vén amparado no artigo 19.4 que prevé a posibilidade de levar a cabo adecuacións retributivas con carácter singular e excepcional, sempre que estas resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, grao de consecución dos obxectivos... No caso presente e tras seis meses de traballo de don José Manuel Rico Rodríguez a execución dos obxectivos fixados inicialmente resultaron suficientemente cumpridos polo que esta Alcaldía, ó abeiro das disposicións reguladoras da materia LRBRL e RD 781/1986.

Tendo en conta que segundo dispón o artigo 104.1 da LRBRL

“O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno da Corporación ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación do orzamento”.

E posto que neste momento estamos a presentar o proxecto de orzamentos para o exercicio 2006, esta Alcaldía formula ó Pleno a presente proposta de resolucións a fin de que polo mesmo se adopte o acordo correspondente.

A proposta é a seguinte:

- Denominación: Coordinador de Protección Civil, Grumir e Policía local.
- Retribucións: 36.000,00 €/ brutos anuais distribuídas en 12 pagas mensuais e dúas pagas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.
- Características do posto: as funcións serían as determinadas no acordo adoptado polo Pleno no exercicio 2005 no que se aprobou a creación da praza.

Para o caso de que finalmente a proposta sexa aprobada, o acordo plenario deberá ser debidamente publicado no BOP (artigo 104.3 da LRBRL).”

Votan en contra propoñendo a supresión deste posto de traballo os concelleiros do BNG Sr. Abraira Sobrado e do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e polo voto maioritario dos demais asistentes, infórmase favorablemente.”

A Presidencia somete a votación a súa proposta e fano en contra os concelleiros do BNG Sr. Abraira, do PSG-PSOE Sr. Cortizas e o Sr. Laya Carril, en total tres votos e a favor os nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda aprobada nos seus propios termos.

**4.- SINATURA DO CONVENIO SOBRE RESPONSABLE ADMINISTRATIVO-FINANCIERO NA FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS.-** Dáse lectura á proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que di así: ““Ante a proposta do

Grupo de acción local Fundación para o desenvolvemento da comarca de Betanzos en virtude da cal se propón a asunción polo noso Concello das competencias de responsable administrativo financeiro do citado Grupo de acción local.

Na medida en que o Concello de Miño participa directamente en canto membro do citado Grupo de acción local dado que é beneficiario das convocatorias dos programas Proder II e Agader xestionados pola citada Fundación, e ante a inexistencia neste momento dun responsable administrativo financeiro na mesma, considérase conveniente a asunción polo noso Concello das citadas funcións que na medida en que han de ser desempeñadas por un funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, finalmente serían asumidas pola interventora municipal.

En consecuencia, para proceder á asunción das competencias do responsable administrativo-financeiro resulta necesario a sinatura do correspondente convenio e que o Concello-Pleno acepte con carácter previo tales competencias.

Por todo o anterior, esta Alcaldía formúlalle ó Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Asunción polo Concello de Miño das funcións de responsable administrativo financeiro do Grupo e acción local Fundación para o desenvolvemento da Comarca de Betanzos, sendo estas funcións desempeñadas pola interventora municipal.

2º.- Habilitar o alcalde-presidente, don Juan Antonio Maceiras Barros, para proceder á sinatura do correspondente convenio.

Proponse a súa aprobación polo Pleno.”

O Pleno do Concello acorda por unanimidade aprobar a proposta presentada nos seus propios termos.

**5.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM.-** Coa data do 10 de marzo de 2005 aprobouse inicialmente polo Pleno deste Concello a modificación puntual do PXOM para a provisión da variante de Bañobre.

Por parte do equipo redactor da modificación, preséntase unha nova proposta, que recolle unha conclusión distinta da nova vía prevista nos estroncamentos coa vía existente.

Vistos os informes unidos ao expediente e logo da ratificación polo Pleno por once votos a favor e unha abstención do concelleiro do BNG Sr. Abreira, inclúese este asunto na orde do día a teor do que establece o art. 83.3 do ROF e por once votos a favor e a abstención do concelleiro Sr. Abreira do BNG, o pleno do Concello acorda:

1º.- Desistir da modificación puntual da variante de Bañobre no PXOM, cuxo expediente foi sometido á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes coa data do 9-11-2005.

2º.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM coa nova conclusión presentada, para levar a cabo a execución da denominada variante de Bañobre.

3º.- Expoñer ao público este acordo durante o prazo dun mes con publicación de anuncios no taboleiro de edictos, Diario Oficial de Galicia e un dos diarios de maior difusión da provincia e ao mesmo tempo solicitarlles ás administracións públicas competentes, os informes sectoriais que sexan esixibles, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta sesión ás vinte horas e corenta minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,